



METODOLOGÍA

DIAGNOSE PROXECTO COMPARTIMOS PLAN

2017 – 2018

Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes

Sección de Servizos Sociais

Deputación da Coruña

Redacción:

Equipo técnico DELOGA / Desenvolvemento Local Galego S.L.

ÍNDICE

1. Introducción.....	4
2. Ferramentas metodolóxicas empregadas	4
3. Estrutura da diagnose	11

1. INTRODUCCIÓN

A elaboración da diagnose de Compartimos Plan contemplou varias etapas e varias ferramentas metodolóxicas para a recollida de información, co dobre obxectivo de, por unha banda, identificar as desigualdades de xénero presentes na provincia da Coruña e, por outra, de analizar a situación das políticas de igualdade nas entidades locais territoriais (Concellos e Deputación Provincial).

O proceso de investigación social básico, baseado na explotación e análise de fontes secundarias, a elaboración de enquisas e a realización de entrevistas en profundidade, completouse cun proceso de participación social. Este proceso de participación na fase de diagnose procurou facer partícipe da investigación a todas as persoas consideradas como axentes chave da provincia nas diferentes administracións (persoal técnico e político das administracións locais territoriais, centros educativos, etc.), así como ao tecido asociativo da provincia e á poboación en xeral.

Este proceso de participación social considera ás diferentes persoas participantes como axentes primordiais de coñecemento do territorio, e tivo como obxectivos principais identificar as problemáticas específicas da provincia da Coruña no relativo ás desigualdades de xénero e ás políticas de igualdade, valorar os principais retos e as dificultades existentes, e analizar as posibles estratexias a seguir para mitigar as problemáticas detectadas.

Na seguinte táboa recóllense todas as ferramentas metodolóxicas empregadas durante o proceso de investigación e de participación social.

TÁBOA 1.
Ferramentas metodolóxicas empregadas

Ferramentas metodolóxicas
Celebración de 18 foros de presentación e creación de grupos de traballo comarcais
Compilación, consulta e análise de fontes de datos secundarios
Enquisa online dirixida á poboación da provincia
Entrevistas aos 93 concellos da provincia
Cuestionario complementario á entrevista dirixido a área que asume as competencias en materia de igualdade
Cuestionario online dirixido ao tecido asociativo da provincia
Entrevistas a persoal Deputación e outros/as axentes chave
Celebración de 18 foros comarcais de Diagnose. Validación DAFO
Celebración de 45 Foros de diagnose

No seguinte epígrafe descríbense as ferramentas empregadas durante o proceso de diagnose de Compartimos Plan.

2. FERRAMENTAS METODOLÓXICAS EMPREGADAS

- **Realización de 18 presentacións públicas comarcais e creación de grupos de traballo comarcais.**

O proceso de investigación para a elaboración da diagnose de Compartimos Plan iníciase coa realización dunha presentación do proxecto en cada cabeceira de comarca, aberta á participación de todas as persoas, tanto a título individual, como en representación dalgunha asociación, empresa, comunidade educativa, etc.

Nestas presentacións iniciais participaron 214 persoas, 191 mulleres e 23 homes, e rexistrouse de maneira xeral unha infrarepresentación de persoal político; unha participación satisfactoria do persoal técnico de CIM e dos servizos sociais; e unha baixa participación do persoal doutras áreas, do tecido asociativo e da poboación en xeral.

Durante a celebración das presentacións realizáronse labores de mediación e facilitación, presentando os obxectivos do proxecto, as ferramentas de traballo a empregar, o calendario e as técnicas de participación propostas para o proceso de elaboración da diagnose e do plan de acción; e levouse a cabo unha primeira dinámica participativa coa que as persoas asistentes tiveron a oportunidade de xerar un espazo de debate e reflexión, dinamizándose así o proceso participativo e de recollida de información para a elaboración da diagnose, e dando lugar os primeiros resultados cualitativos.

- **Compilación, consulta e análise de fontes de datos secundarios.**

Tras as presentacións iniciais e os primeiros foros de debate e reflexión, elaborouse un **“Informe borrador das presentacións comarcais”** no cal se analizaron as necesidades e problemáticas traballadas e apuntadas polas persoas participantes. Partindo desta análise, e tras realizar unha revisión documental e de fontes de datos secundarias e oficiais (IGE, INE, Instituto Galego das Cualificacións, CGPJ, etc.), procedeuse a analizar os indicadores, e definíronse os seguintes bloques de análise (que posteriormente foron ampliados):

1. Poboación.
2. Educación.
3. Mercado de traballo.
4. Condicións de vida e benestar.
5. Corresponsabilidade e conciliación.
6. Hábitos de vida e saúde.
7. Violencia de xénero.

As principais fontes de datos empregadas para a análise dos bloques mencionados foron:

- Padrón Municipal de Habitantes. IGE.
- Indicadores demográficos. IGE.
- Movements migratorios. IGE.
- Censo de Poboación e Vivendas. INE.
- Territorio e Medio Ambiente. IGE.
- Enquisa Estructural a Fogares (Módulos: mobilidade, dependencia, conciliación familiar, capital social, ocio e hábitos culturais, etc.). IGE.
- Enquisa de Poboación Activa. INE.
- Estatística de Ensinanzas non universitarias. IGE e Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- Información de Ensinanzas universitarias. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia
- Conta Satélite de Produción Doméstica. IGE.
- Afiliacións á Seguridade Social.
- Paro rexistrado. Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Contratos rexistrados. Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Enquisa Anual de Estrutura Salarial. INE.
- Estatística de pensións. Seguridade Social.
- Estatística de pensións non contributivas. Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
- Barómetros do CIS.
- Estatística de vítimas mortais da violencia de xénero. Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero
- Estatísticas de denuncias por violencia de xénero. Consello Xeral do Poder Xudicial.
- Outros datos relativos á violencia de xénero. Portal estatístico da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero e Secretaría Xeral de Igualdade.

- **Enquisa online dirixida á poboación da provincia.**

A enquisa de Compartimos Plan para poboación xeral permitiu recoller as percepcións da poboación en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero, así como as necesidades e propostas de acción. Ten como ámbito de análise a provincia da Coruña e como universo a poboación residente de 18 anos e máis anos. O método de recollida da información foi a través dunha plataforma online, coa que se conseguiu a resposta válida de 849 persoas.

FICHA TÉCNICA DA ENQUISA

- **Ámbito:** Provincia da Coruña.
- **Universo:** Poboación residente de ambos sexos de 18 anos e máis.
- **Data de realización:** Do 1 de decembro de 2017 ao 19 de febreiro de 2018.
- **Técnica de recollida:** Enquisa online.
- **Erro mostral:** 3,4% para un nivel de confianza do 95%.

Aínda que a mostra é suficientemente ampla para ofrecer datos representativos a nivel provincial, cabe sinalar que estes datos débense tomar con cautela ao tratarse dunha enquisa online, pois existe certo desequilibrio na representación sociodemográfica e territorial.

Por unha banda, o 78% das persoas enquisadas son mulleres, polo que existe unha sobrerrepresentación de mulleres na mostra. Por outra, a resposta á enquisa por parte de persoas de 65 anos e máis foi moi reducida, polo hai unha infrarrepresentación deste grupo poboacional.

TÁBOA 2.

Características da mostra segundo sexo

Sexo	Datos absolutos		Porcentaxes		
	Mostra	Universo	Mostra	Universo	Diferenza
Muller	662	453.675	78,0%	47,4%	30,6%
Home	185	504.001	21,8%	52,6%	-30,8%
Xénero non binario	2	-	0,2%	0,0%	0,2%
Total	849	957.676	100,0%	100,0%	0,0%

► Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa de "Compartimos Plan" e Padrón Municipal de habitantes.

TÁBOA 3.

Características da mostra segundo grupos de idade

Grupos de idade	Datos absolutos		Porcentaxes		
	Mostra	Universo	Mostra	Universo	Diferenza
De 18 a 34 anos	267	181.575	31%	19%	12%
De 35 a 64 anos	530	507.589	62%	53%	9%
65 anos y más	14	268.512	2%	28%	-26%
Non contesta	38	-	4%	0%	4%
Total	849	957.676	100%	100%	0%

► Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa de "Compartimos Plan" e Padrón Municipal de habitantes.

Polo que respecta ao territorio, destaca que se conseguiu unha representación adecuada da poboación en función do tamaño de poboación dos concellos de residencia, aínda que obsérvase unha lixeira infrarrepresentación de poboación residente nas áreas comarcais da Coruña e da Barbanza-Noia, mentres que a área comarcal de Santiago está lixeiramente sobrerrepresentada.

TÁBOA 4.

Características da mostra segundo área comarcal de residencia das persoas enquisadas

Área comarcal	Datos absolutos		Porcentaxes		
	Mostra	Universo	Mostra	Universo	Diferenza
A Coruña Suroriental	27	57.172	3,2%	6,0%	-2,8%
Área da Coruña	288	369.850	33,9%	38,6%	-4,7%
Área da Costa da Morte	103	116.523	12,1%	12,2%	0,0%
Área de Santiago	183	162.193	21,6%	16,9%	4,6%
Barbanza-Noia	30	85.166	3,5%	8,9%	-5,4%
Ferrol-Eume-Ortegal	145	166.772	17,1%	17,4%	-0,3%
Total	849	957.676	100,0%	100,0%	0,0%

► Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa de “Compartimos Plan” e Padrón Municipal de habitantes.

En calquera caso, os datos que se mostran nesta diagnose permiten achegarse á realidade da poboación provincial en canto as súas actitudes e percepcións con respecto á igualdade de xénero e analizar as diferenzas que se dan en función das diferentes variables sociodemográficas e territoriais. Ademais, os datos obtidos a través desta enquisa mostran tendencias e realidades similares ás observadas a través da análise doutras fontes de datos secundarios, algo que valida en certa medida os resultados obtidos.

Os ámbitos de análise da enquisa son:

- Mobilidade.
- Usos do tempo.
- Penalizacións profesionais á maternidade.
- Práctica deportiva.
- Ocio e tempo libre.
- Interiorización de roles e estereotipos de xénero.
- Percepción sobre as desigualdades de xénero e os principais problemas de mulleres e homes.
- Valoración sobre os recursos municipais.
- Percepción sobre as accións prioritarias para acabar coas desigualdades de xénero.
- Identificación de casos de violencia de xénero no entorno.
- Recursos prioritarios para información en casos de violencia de xénero e para abordar a violencia de xénero.
- Percepción sobre as accións prioritarias para acabar coa violencia de xénero.
- Conductas e actitudes tóxicas na parella.
- Violencia sexual.

● Entrevistas aos 93 concellos da provincia.

Para coñecer en profundidade a situación das políticas de igualdade locais nos concellos da provincia realizáronse un total de 93 entrevistas (unha a cada un dos concellos da provincia da Coruña). As entrevistas realizáronse coa finalidade de coñecer exhaustivamente a xestión da administración local en materia de igualdade e os obxectivos principais foron indagar sobre as necesidades; identificar máis axentes chave, os recursos humanos e materiais dispoñíbeis; determinar o estado de execución dos plans de igualdade; e identificar os servizos e programas que procuran favorecer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As entrevistas foron realizadas ao persoal técnico ou político da área que asume as competencias en materia de igualdade e os bloques de análise foron os seguintes:

- Bloque 1: Política/s de igualdade e experiencia do concello na materia.
- Bloque 2: Formación en materia de igualdade e análise de xénero.
- Bloque 3: Contexto e percepción da existencia de desigualdades.
- Bloque 4: Perfil das persoas usuarias dos SS.SS. / CIM.
- Bloque 5: Violencia de xénero.

- **Cuestionario complementario á entrevista dirixido a área que asume as competencias en materia de igualdade.**

Para complementar as entrevistas, aínda que inicialmente non estaba previsto, deseñouse un modelo de **cuestionario dirixido tamén ao persoal da área que asume as competencias en materia de igualdade**. A finalidade do mesmo foi recoller información de carácter máis cuantitativo e poder contrastar e validar a información recollida nas entrevistas. Conseguiuse a resposta de 79 dos 93 concellos da provincia.

FICHA TÉCNICA DO CUESTIONARIO.

- **Ámbito:** Provincia da Coruña.
- **Universo:** Persoal técnico ou político das áreas que asumen as competencias en materia de igualdade nos concellos.
- **Data de realización:** Do 1 de decembro de 2017 ao 16 de febreiro de 2018.
- **Técnica de recollida:** Cuestionario online.
- **Erro mostral:** 4,3% para un nivel de confianza do 95%.

Aínda que o cuestionario habilitado pechouse o 16/02/18, tras realizar un proceso de validación dos datos no que se detectaron diversas problemáticas (erros de conceptos, datos económicos incongruentes, campos de non resposta, etc.) procedeuse a realizar unha nova compilación da información a través de chamadas telefónicas. Así, dende o 21 de marzo ao 13 de abril, tiveron lugar as labores para depurar os datos proporcionados polo persoal dos concellos.

Os ámbitos de análise do cuestionario a persoal técnico e/ou político dos concellos foron:

- Datos de representación política nos concellos.
- Datos do persoal da área que asume as competencias en materia de igualdade.
- Datos económico da área que asume as competencias en materia de igualdade
- Datos dos plans de igualdade.
- Percepcións sobre as desigualdades de xénero.
- Percepcións sobre os principais problemas que afectan a mulleres e homes.
- Percepcións sobre as accións prioritarias para mitigar as desigualdades de xénero.

Tras a depuración, obtívose información económica e das fontes de financiación, dos RR.HH., da representación política, e dos plans de igualdade municipal de 83 dos 93 concellos da provincia.

- **Cuestionario online dirixido ao tecido asociativo da provincia.**

Á súa vez, subministrouse un enlace cun cuestionario a través de e-mail a numerosas entidades (públicas e privadas) e tecido asociativo da provincia que se foron rexistrando na Base de Datos de Axentes Chave, base que se elaborou, principalmente, cos datos das entidades rexistradas no RUEPSS con iniciativas en materia de igualdade. Dadas as dificultades para que estas entidades cumprimentasen o cuestionario, nalgúns casos optouse por recoller a información telefonicamente, polo que o cuestionario, foi cuberto de maneira autoadministrada por algunhas entidades e por outras a través da vía telefónica. Chegáronse a cumprimentar 97 cuestionarios de 100 inicialmente previstos.

Neste caso, os ámbitos de análise circunscibíronse aos seguintes:

- Percepcións sobre as desigualdades de xénero.
- Percepcións sobre os principais problemas que afectan a mulleres e homes.
- Percepcións sobre as accións prioritarias para mitigar as desigualdades de xénero.

- **Entrevistas a persoal da Deputación Provincial da Coruña e outras/os axentes chave.**

As entrevistas dirixidas ao persoal da Deputación Provincial iniciáronse no mes de febreiro para recoller información en detalle sobre os programas, proxectos e servizos que se desenvolven, así como para coñecer o grao de coordinación interdepartamental e, en última instancia, a propia estrutura organizativa da entidade.

As entrevistas, concluíronse o 27/04/18, e entrevistouse a un total de 65 persoas (13 das entrevistas foron grupais e 52 individuais). Os bloques de análise foron os seguintes:

- Bloque 1: Contexto xeral e caracterización do traballo na área.
- Bloque 2: Grao de integración da igualdade no traballo da área.
- Bloque 3: Grao de coñecemento das accións que se realizan na Deputación en materia de igualdade.
- Bloque 4: Formación en igualdade.

Así mesmo, tamén se realizaron entrevistas a outras axentes chave:

Xefa da Unidade contra a Violencia sobre a Muller da Subdelegación do Goberno na Coruña.
Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

- **Celebración de 18 foros comarcais de diagnose. Validación DAFO.**

Concluídas as entrevistas e avanzados os traballos de análise da información, realizáronse **Foros comarcais para a validación dunha DAFO**, convocando ao persoal técnico e político, ao tecido asociativo, e a outros e outras axentes chave do territorio.

As siglas DAFO correspóndense coas palabras Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades. As dúas primeiras fan referencia a aspectos negativos ou con posibilidade de mellora, e as dúas últimas a factores positivos ou puntos fortes, susceptibles de manter. Ademais, na DAFO abórdanse dous niveis de análise: análise interna e análise externa. Na análise interna o obxectivo é visibilizar as debilidades e as fortalezas que ten a propia organización, neste caso as administracións locais. As primeiras terán que corrixiarse, e as segundas impulsarse. Na análise externa, inclúense todos aqueles aspectos que non dependen directamente da organización, pero que igualmente lle afectan, e neste senso, a estratexia que se deseñe terá que procurar combater as ameazas e aproveitar as oportunidades.

Unha vez recollidas todas estas debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades, estas represéntanse nunha matriz, a partir da cal poder definir os obxectivos estratéxicos e traballar no deseño da futura estratexia de igualdade.

Nestes foros, participaron un total de 136 persoas, un 91,18% mulleres e o restante 8,82% homes. A meirande parte das persoas participantes nestes foros eran persoal técnico dos concellos (56%), seguido de tecido asociativo (29%) e persoal político (10%).

Trala análise e validación dos indicadores da DAFO, levouse a cabo un proceso de investigación cualitativa para dar conta daqueles retos que ten por diante cada comarca en materia de igualdade, ao tempo que se definiron algunhas estratexias para conseguir que as políticas de igualdade formen parte da axenda política dos concellos destes territorios.

- **Celebración de 45 foros de diagnose.**

Concluídos os foros anteriores, e tras unha exhaustiva avaliación da participación nos Foros e encontros celebrados ate o momento, constatouse que en maior medida viñan participando eran o persoal técnico das Administracións Locais, polo que realizouse unha proposta de organización dos 45 foros restantes, incidindo na participación, por unha banda, do persoal político das Administracións Locais e das asociacións e entidades do territorio, e das persoas a título individual, realizándose 32 Foros. E por outra banda, 13 Foros con outros axentes a través dos que detectar diferentes sensibilidades cara a igualdade e coñecer

se, dende a súa labor, se está a ter en conta a igualdade, como por exemplo colexios profesionais, centros de investigación, os Sindicatos, asociacións de empresariado, entidades de iniciativa social especializadas no traballo con colectivos específicos, e cos partidos políticos con representación no Pleno da Deputación, entre outros.

Nestes foros realizouse unha devolución da información compilada e analizada ate o momento, para que as persoas puidesen valorar e contextualizar os problemas identificados. Así, enmarcáronse participativamente as desigualdades e as necesidades existentes en materia de igualdade cun maior número de axentes que ate o momento non participaran (ou participara en menor medida), e reflexionouse a cerca do escenario de futuro.

Así, como resultado do proceso participativo, novamente compilouse unha gran cantidade de información que serviu para completar a diagnose realizada ate o momento, e as análises DAFO comarcais.

3. ESTRUTURA DA DIAGNOSE

Compilada a información recollida a través das diferentes ferramentas metodolóxicas empregadas procedeuse a análise dos datos para a súa integración na diagnose. Avanzados os traballos, realizouse unha reestruturación dos campos de análise, resultando finalmente, os seguintes capítulos:

1. Poboación.
2. Territorio e mobilidade.
3. Educación.
4. Traballo reprodutivo.
5. Traballo produtivo.
6. Benestar e calidade de vida.
7. Percepcións acerca das desigualdades de xénero.
8. Violencia de xénero.
9. A resposta das entidades locais territoriais (os Concellos e a Administración Provincial).
10. Diagnose DAFO por comarcas.

Cada capítulo amosa unha panorámica xeral do tema concreto a analizar dende unha perspectiva de xénero, a través da cal poder visibilizar os desequilibrios existentes entre mulleres e homes que desembocan en desigualdades de xénero precisas de identificar.



COMPARTIMOS *plan*

Diagnose e Plan de Acción das Políticas de
Igualdade de Xénero na Provincia da Coruña

